

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 24-07-2023, ditou a resolución con número 1998/2023 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Nomeamento do tribunal cualificador, listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, data para a valoración de méritos da fase de concurso e data da realización do exercicio da fase de oposición, do proceso selectivo para a contratación de persoal laboral temporal para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e tres Operarios de motobomba.

Antecedentes.

Primeiro.- Por resolución da Alcaldía núm. 1813/2023, do 10 de xullo de 2023, aprobáronse as bases da convocatoria para a selección, mediante sistema de concurso-oposición libre, do persoal laboral temporal para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, e de tres operarios de motobomba.

Na mesma resolución convocábase o proceso de selección do persoal citado nesas bases e ordenaba a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal.

A convocatoria publicouse no BOP da Coruña núm. 134 de 14/07/2023.

Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de acordo co sinalado nas Bases quinta e sexta da convocatoria, e non existindo aspirantes excluídos con causa de exclusión emendable, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as (Anexo I, II, III e IV) e excluídos/as (Anexo V, VI, VII e VIII) no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal dun xefe de brigada, un peón condutor e tres peóns para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, así como, de tres operarios de motobomba.

Segundo.- Designar o tribunal cualificador previsto na base sexta da convocatoria, que estará composto polos seguintes membros:

Presidente:

Titular: **D. Miguel Piñeiro Souto**
Secretario Xeral do Concello de Carballo.

Suplente: **D. Juan Rey Rivas**
Tesoureiro - Xefe da Área de Servizos Económicos do Concello de Carballo.

Vogal 1:

Títular: **D^a. María Carmen Pereiro Felipez**

Técnica de Normalización Lingüística do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **Susana Mariño Lorenzo**

TAX – Xefa do Servizo de Administración Xeral do Concello de Carballo.

Vogal 2:

Títular: D^a. **Carmen Del Río Rodríguez**

TAX – Xefa do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **María Irache Enríquez Aibaina**

Interventora – Xefa da Área de Servizos Económicos do Concello de Carballo.

Vogal 3:

Títular: D. **José Manuel Facal Fariña**

Enxeñeiro do concello de Carballo.

Suplente: D. **Carlos Collazo Martínez**

TAE – Xefe do Servizo de Xestión e Inspección Tributaria do Concello de Carballo.

**Secretari
o/a:**

Títular: D. **Vitor Recarei Añón**

Administrativo do Concello de Carballo.

Suplente: D^a. **María Eugenia López Balbís**

Administrativa do Servizo Municipal de Protección Civil do Concello de Carballo.

Os membros do Tribunal poderán ser recusados nos termos establecidos polos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.- De acordo coa base sexta da convocatoria, nomear como asesores/as especialistas do Tribunal, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas:

Asesores: D. **Juan Fermín Insua Bello**

Axente Medioambiental da Xunta de Galicia do Distrito Forestal II.

D. **Ramón Díaz Martínez**

Axente Medioambiental da Xunta de Galicia do Distrito Forestal II.

D. **Fernando Mosteiro Pereira**

Médico do Servizo Galego de Saúde e

Profesor da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

D. **Francisco Javier Souto Facal**

Xefe do Servizo Municipal de Protección Civil do Concello de Carballo.

Cuarto.- Convocar a todos os membros do tribunal para a **valoración de méritos da fase de concurso** que terá lugar o **mércores 26 de xullo do 2023**, ás **10:00 horas**, na Sala de Xuntas do Concello de Carballo.

Quinto.- Convocar aos aspirantes admitidos/as que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento requirido segundo a base terceira, letra h) (CELGA 2 / CELGA 3) para a celebración do exercicio da **fase de oposición, exercicio de avaliación do coñecemento da lingua galega,**

que terá lugar o **mércores 26 de xullo do 2023, ás 13:00 horas**, na Sala de Xuntas do Concello de Carballo.

Sexto.- Convocar aos aspirantes admitidos/as para a celebración do exercicio da **fase de oposición, proba física de esforzo**, que terá lugar o xoves **27 de xullo de 2023, ás 10:00 horas**, no Pavillón Vila de Noia situado na Rúa Vila de Noia, S/N de Carballo.

Sétimo.- Expoñer esta resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello (www.sede.carballo.gal), e con carácter complementario na páxina web municipal (www.carballo.gal).

ANEXO I: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal **dun xefe de brigada** para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
1	LOPEZ LIÑARES	SANTIAGO	***4500**	SI
2	PATÍÑO EGEA	DIEGO	***1819**	SI

ANEXO II: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal **dun peón condutor** para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
1	ANDRADE COUTO	JUAN MANUEL	***5484**	SI
2	GOMEZ LIÑARES	BRAIS	***8194**	SI
3	GUNDIN VILANOVA	SERGIO	***2587**	NON*
4	IGLESIAS REY	JOSE RAMON	***6329**	SI
5	MALLO RODRIGUEZ	ANTONIO	***3563**	SI
6	NAYA RAMA	DAVID	***7086**	SI
7	PEREIRA RODRIGUEZ	ROBERTO	***9570**	SI
8	PIÑA LOUREIRO	GUSTAVO	***5716**	NON*
9	RODRIGUEZ GESTO	DIEGO	***2590**	SI

* Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel Celga 2.

ANEXO III: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal de **tres peóns** para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
1	CAAMAÑO BERMUDEZ	Mª CARMEN ESTHER	***1724**	SI
2	COSTA TATO	JOSE MANUEL	***6658**	NON*
3	FRAGA FIDALGO	ALEJANDRO	***0178**	SI
4	GARCIA REGUEIRA	NICOLAS	***4666**	SI
5	GOLAN GONZALEZ	AVELINO	***1789**	NON*

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
6	GOMEZ LIÑARES	BRAIS	***8194**	SI
7	IGLESIAS REY	JOSE RAMON	***6329**	SI
8	LOPEZ LIÑARES	SANTIAGO	***4500**	SI
9	NAYA RAMA	DAVID	***7086**	SI
10	PEREIRA RODRIGUEZ	ROBERTO	***9570**	SI
11	PIÑA LOUREIRO	GUSTAVO	***5716**	NON*
12	RODRIGUEZ GESTO	DIEGO	***2590**	SI
13	VAZQUEZ MENDEZ	SERGIO	***7043**	SI

* Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel Celga 2.

ANEXO IV: Listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal de **tres operarios de motobomba**.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA
1	ANDRADE COUTO	JUAN MANUEL	***5484**	SI
2	GOLAN GONZALEZ	AVELINO	***1789**	NON*
3	MALLO RODRIGUEZ	ANTONIO	***3563**	SI
4	NAYA RAMA	DAVID	***7086**	SI
5	VAZQUEZ MENDEZ	SERGIO	***7043**	SI

* Deberá superar unha proba de acreditación de coñecemento da Lingua Galega. Nivel Celga 2.

ANEXO V: Listaxe definitiva de aspirantes excluídos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal **dun xefe de brigada** para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causa Exclusión
1	MALLO SANCHEZ	PABLO MANUEL	***7201**	1

Causa de exclusión:

1. Non adxunta a titulación esixida: Enxeñería de Montes, Enxeñería Técnico Forestal, Técnico/a Superior en Xestión Forestal e do medio natural, Técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, Técnico/a en emerxencias e protección civil ou Formación profesional equivalente.

Segundo consta no Real Decreto 259/2011, de 28 de febreiro, polo que establece o título de Técnico Superior en Paisaxismo e Medio Rural e se fixan as súas ensinanzas mínimas e no Decreto 166/2012, do 12 de xullo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Paisaxismo e Medio Rural, a titulación achegada polo aspirante non resulta equivalente a ningunha das esixidas, polo que é causa de exclusión non emendable.

ANEXO VI: Listaxe definitiva de aspirantes excluídos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal **dun peón condutor** para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Causa de exclusión:

Non hai excluídos.

ANEXO VII: Listaxe definitiva de aspirantes excluídos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal de **tres peóns** para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Causa de exclusión:

Non hai excluídos.

ANEXO VIII: Listaxe definitiva de aspirantes excluídos/as no proceso selectivo para a contratación con carácter laboral temporal de **tres operarios de motobomba**.

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Causa Exclusión
1	ADRADOS BRETON	DIEGO	***1508**	1, 2

Causa de exclusión:

1. Solicitud realizada **fora do prazo** de presentación das mesmas. Causa de exclusión non emendable.
2. Non adxunta o **xustificante de pagamento** da taxa aplicable debidamente cuberto cos datos persoais do/a aspirante e praza á que opta. Causa de exclusión non emendable.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Secretario

Evencio Ferrero Rodríguez

Miguel Piñeiro Souto

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Miguel Piñeiro Souto